



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A ASOCIACIÓN NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO PARA POSIBILITAR O DESPRAZAMENTO DE ALUMNADO CON DISCAPACIDADE AO CEEPR NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO RADICADO NA PROVINCIA DE A CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o curso escolar 2023/2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a mutua colaboración a fin de posibilitar o desprazamento do alumnado con discapacidade, que figura na memoria de detalle do servizo da entidade anexa ao convenio, dende os seus domicilios ao CEEPR Nuestra Señora de Chamorro (ida e volta) radicado na provincia de A Coruña, para o curso escolar 2023/2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, necesitando utilizar o transporte escolar para asistir a clase, precisan dunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

Que a Asociación Nuestra Señora de Chamorro é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas con discapacidade, co obxectivo último de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como lograr a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para todo o cal colabora con organismos e



entidades relacionados coa problemática das persoas con discapacidade, consciente da necesidade de atención especial e individualizada que requiren estas persoas.

A Asociación Nuestra Señora de Chamorro atópase coa necesidade de dar traslado a unha parte do alumnado con discapacidade, que non pode trasladarse doutra maneira, desde os seus domicilios ao CEEPR Nuestra Señora de Chamorro (ida e volta).

Os referidos traslados cobren os requirimentos esixidos para este específico colectivo de escolares, xa que a asociación poderá utilizar vehículos propios adaptados e ofrecer coidadores especializados e, así mesmo, adáptase ás necesidades horarias dos alumnos.

Tamén poderá prestar o servizo a través de empresas especializadas no transporte de viaxeiros, que garantan os mesmos requirimentos de material móbil e coidadores especializados.

Que ámbalas dúas partes están interesadas na mutua colaboración a fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lle permitan ser escolarizado, aínda que sufra calquera tipo de discapacidade, xa sexa permanente ou temporal, que impida o emprego do servizo de transporte escolar ordinario.

Que a problemática habitual de grandes discapacidades require contar con asociacións especializadas e cun amplo bagaxe de experiencia, que faciliten non só vehículos especialmente adaptados ás doenzas, senón tamén, a atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado, e do control dos protocolos de actuación a aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o transporte dos escolares.

Que para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo de transporte escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico



español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

